

1.2

demandademandainternainterna

Neste capítulo analízase a evolución da demanda interna a través dos seus principais compoñentes: o consumo, tanto público como privado, e o investimento, incluído o investimento estranxeiro en sociedades galegas.

Na primeira parte, adicada ó estudio do consumo, considéranse as súas principais variables, facendo fincapé na renda familiar bruta dispoñible como indicador do poder de compra das familias. Para o estudio da mesma, utilizaranse os datos facilitados polo INE, IGE, AENA, ICEX, o Banco de España, Funcas, o Anuario Comercial de España 2000 de La Caixa e a Xunta de Galicia.

Posteriormente, estúdiase o investimento. Tras considera-los os seus principais indicadores, descríbese a evolución do investimento estranxeiro (tanto dende o punto de vista da súa distribución por países de orixe, como segundo os diferentes tipos de operacións e a súa distribu-

ción sectorial). Para esta análise tense en conta os datos facilitados polo INE, IGE, Oficemen, Seopan, o Banco de España e a Dirección General de Política Comercial e Inversiones Exteriores do Ministerio de Economía y Hacienda.

Finalmente, na última parte do capítulo farase referencia ó Programa Operativo de Galicia 1994-99 e ó seu grao de execución, atendendo ós seus órganos executores. Esta análise está baseada na información da Dirección General de Análisis y Programación Presupuestaria.

A modo de introducción xeral, os diferentes indicadores do consumo privado, agás o consumo aparente de gasolina, que descende, e as importacións de bens de consumo, que ralentizas o seu crecemento, amosaron unhas taxas de crecemento superiores ou iguais ás existentes o ano anterior. Salienta o comportamento da ocupación hoteleira que, por mor do ano

CADRO 1.2.1.

Indicadores do consumo privado en Galicia e España 1998-99: taxas de variación interanuais

	Galicia		España	
	1998	1999	1998	1999
Consumo de enerxía eléctrica	—	2,4	7,2	6,9
Consumo aparente de gasolina	0,2	-2,3	10,8	-3,1
Importacións de bens de consumo	28,7	3,7	17,6	17,8
Tráfico aéreo de pasaxeiros	-1,3	10,3	7,1	10,3
Ocupación hoteleira (1)	8,5	60,6	6,9	28,8
Matriculación de turismos	14,3	14,0	17,2	15,4

(1)pernoctacións en establecementos hoteleiros
Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE, IGE, AOP, AENA, ICEX

xacobeo, creceu un 60,6% no ano 1999 en relación ó ano anterior, cando a súa taxa de crecemento foi do 8,5%.

En canto ó investimento, os indicadores da súa evolución e o descenso dos tipos de xuro reflecten un bo comportamento do investimento privado, en tanto que o investimento público presenta un descenso da licitación pública da Administración autonómica (30%).

O investimento estranxeiro en sociedades galegas non cotizadas experimentou un descenso do 83% respecto ó ano 1998, para situarse nos 18.354 millóns de pesetas, o 0,4% do total estatal. O investimento estranxeiro procede fundamentalmente da UE, que aporta o 89,4% do total do investimento directo estranxeiro. A industria química é o receptor principal deste investimento, con 9.545,1 millóns de pesetas (o 52% do total).

Finalmente, en relación ó grao de execución do Programa Operativo de Galicia 1999 e a súa distribución por órganos executores, neste ano executouse o 76,8% do que se tiña presupostado, polo que ó final do período 94-99, o grao de execución foi do 98,2%. En termos absolutos, no ano 1999, o investimento programado ascendeu a 94.080 millóns de

pesetas, dos que se executaron 72.283 millóns.

1.2.1.- Consumo

Os indicadores económicos do **consumo privado** recollidos no **cadro 1.2.1.** amosan unha evolución positiva do mesmo ó longo de 1999.

En Galicia, salienta o crecemento experimentado pola ocupación hoteleira, que medrou un 60,6% respecto ó ano anterior, e o crecemento do tráfico aéreo de pasaxeiros, que aumentou un 10,3%, fronte ó descenso do ano anterior (-1,3%). As importacións de bens de consumo seguen co crecemento en 1999. O único indicador que presenta unha caída respecto ó ano anterior é o consumo aparente de gasolina, que rexistra un descenso do 2,3% respecto a 1998, cando crecerá un 0,2%.

A evolución dos tipos de xuro tamén tivo o seu impacto neste apartado. O **cadro 1.2.2.** reflicte o descenso experimentado nos tipos de xuro dos créditos ó consumo. No período comprendido entre decembro de 1998 e decembro de 1999, o descenso no caso dos bancos e das caixas de aforro foi de 0,57 puntos e 0,27 puntos, respectivamente.

CADRO 1.2.2.

Tipos de xuros referentes a créditos para o consumo 1997-99

	Bancos	Caixas de aforros
1997	10,68	10,01
1998 (1)	9,94	8,57
1999		
Xaneiro	9,95	8,38
Febreiro	9,83	8,35
Marzo	9,81	8,34
Abril	9,64	8,24
Maio	9,33	8,21
Xuño	9,32	8,21
Xullo	9,31	8,23
Agosto	9,32	8,20
Setembro	9,32	8,21
Outubro	9,31	8,22
Novembro	9,33	8,26
Decembro	9,37	8,30

(1) dato correspondente ó mes de decembro

Fonte: Banco de España

CADRO 1.2.3.

Renda familiar bruta disponible (poder de compra) nas CC.AA. 1998-99

	RFBD (poder de compra)			RFBD (poder de compra)/hab.			Indice/hab.	
	1998	1999	99/98	1998	1999	99/98	1998	1999
	(en millóns de pesetas)	(%)		(en pesetas)	(%)		(España=100)	
Andalucía	9.457.822	10.224.347	8,1	1.303.059	1.400.642	7,5	78,90	79,03
Aragón	2.161.790	2.302.006	6,5	1.829.213	1.950.763	6,6	110,76	110,07
Asturias	1.639.902	1.745.922	6,5	1.518.283	1.622.117	6,8	91,93	91,52
Baleares	1.729.380	1.914.385	10,7	2.158.964	2.355.071	9,1	130,72	132,88
Canarias	2.571.830	2.801.185	8,9	1.568.385	1.689.587	7,7	94,96	95,33
Cantabria	858.148	916.462	6,8	1.629.734	1.741.178	6,8	98,68	98,24
Castela-A Mancha	2.616.222	2.796.399	6,9	1.521.275	1.621.965	6,6	92,11	91,51
Castela e León	4.209.418	4.462.074	6,0	1.698.448	1.807.964	6,4	102,84	102,01
Cataluña	10.944.446	11.678.596	6,7	1.778.143	1.894.365	6,5	107,66	106,88
C. Valenciana	6.698.776	7.319.545	9,3	1.660.619	1.804.654	8,7	100,55	101,82
Estremadura	1.513.689	1.649.296	9,0	1.415.856	1.544.578	9,1	85,73	87,15
Galicia	4.105.218	4.372.282	6,5	1.507.810	1.609.321	6,7	91,30	90,80
Madrid	10.423.207	11.216.075	7,6	2.043.566	2.208.068	8,0	123,74	124,58
Murcia	1.613.548	1.732.768	7,4	1.441.850	1.536.094	6,5	87,30	86,67
Navarra	977.252	1.040.640	6,5	1.842.503	1.959.073	6,3	111,56	110,54
Pais Vasco	3.643.867	3.887.490	6,7	1.738.569	1.859.263	6,9	105,27	104,90
A Rioxá	544.844	577.816	6,1	2.067.625	2.192.534	6,0	125,19	123,71
Ceuta	108.850	117.834	8,3	1.508.307	1.621.450	7,5	91,33	91,49
Melilla	92.397	99.048	7,2	1.532.289	1.631.817	6,5	92,78	92,07
Total	65.910.606	70.854.170	7,5	1.651.560	1.772.354	7,3	100,00	100,00

Fonte: Funcas

A renda familiar bruta disponible (RFBD), indicador do poder de compra das familias, creceu en Galicia no ano 1999 un 6,5% respecto a 1998, para situarse en 4.372.282 millóns de pesetas, segundo os datos facilitados pola Fundación das Caixas de Aforros Confederadas

(Funcas). En España, cun incremento do 7,5%, este poder de compra chegou ós 70.854.170 millóns de pesetas (**cadro 1.2.3.**).

Se se mide o poder adquisitivo a través da renda familiar per cápita, ésta aumentou un

CADRO 1.2.4.
Nivel económico dos municipios e poboación 1999 (1): distribución segundo intervalos de RFB/hab. (2)

	municipios habitantes	0	900	1.000	1.125	1.250	1.375	1.500	1.650	1.800	1.950	2.100	2.100 o más	Total (en miles de pesetas) Total		
A Coruña	municipios habitantes														94	
Lugo	municipios habitantes														1.106.325	
Ourense	municipios habitantes														67	
Pontevedra	municipios habitantes														367.751	
Galicia	municipios habitantes														906.208	
Total España	municipios habitantes	20.401	20.401	127.383	127.383	604.103	604.103	1.035.499	1.035.499	800.467	800.467	136.691	136.691	315	2.724.544	
		149	149	543	543	1.369	1.369	1.622	1.622	2.116	2.116	641	641	12	8.105	
		391.038	391.038	1.531.279	1.531.279	4.314.625	4.314.625	6.225.803	6.225.803	9.119.082	9.119.082	7.718.805	7.718.805	167.251	167.251	39.852.651

(1) datos a 1 de julio de 1999

(2) renta familiar disponible/habitante

Fuente: La Caixa, Anuario Comercial de España 2000

CADRO 1.2.5.

Consumo público 1998-99: distribución segundo administracións

	1998		1999		99/98	
	Xunta	Deputacións (en millones de pesetas)	Xunta	Deputacións	Xunta (%)	Deputacións (%)
Gastos de persoal	317.582	11.607,56	331.486	11.199,50	4,4	-
Gastos en bens correntes e servicios	111.121	7.948,36	121.161	8.386,60	9,0	5,5

(1) datos a partir dos presupostos consolidados

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos da Xunta de Galicia e da Delegación do Goberno en Galicia

6,7% en Galicia para acadar as 1.609.321 pesetas, en tanto que en España a renda familiar per cápita ascendeu a 1.772.354 pesetas (un 7,3% superior á do ano anterior).

Comparada coas outras comunidades autónomas, o índice por habitante (media española=100) reflicte que Galicia está en 1999 máis lonxe da media que en 1998, acadando un 90,8 fronte ó 91,3 do ano anterior. Do cadro comparativo coas outras comunidades autónomas, dedúcese que 9 comunidades están por riba da media española: Aragón, Baleares, Castela e León, Cataluña, C. Valenciana, Madrid, Navarra, País Vasco e A Rioxa, e que Galicia está en mellor posición que Andalucía, Estremadura e Murcia.

Atendendo á relación entre o nivel económico –índice da renda familiar disponible por habitante– e o número de municipios e a poboación, o **cadro 1.2.4.** reflicte que Galicia se atopa no nivel 4 (renda familiar disponible por habitante comprendida entre 1.125.000 e 1.250.000 pesetas). Neste nivel atopáñase un total de 141 municipios galegos (o 44,8% do total) e 1.035.499 persoas (o 38% da poboación galega).

Por debaixo deste nivel sitúase a provincia de Pontevedra, que pertence ó nivel 3 (entre 1.000.000 e 1.125.000) e acolle ós 29 concellos con menor nivel económico (147.784 habitantes). Destos 29 concellos, 5 pertencen ó nivel 1 –entre 0 e 900.000 pesetas– (Catoira, Fornelos

de Montes, As Neves, Pazos de Borbén e Valga) e 24 ó nivel 2 (entre 900.000 e 1.000.000). No polo oposto, dos concellos con maior nivel económico, englobados no nivel 6 (entre 1.450.000 e 1.650.000), 3 pertencen á provincia de Ourense (Avión, Beariz e Ourense) e un á provincia de A Coruña (Oleiros).

En canto ó **consumo público**, pódense tomar como indicadores do seu comportamento os datos recollidos nos capítulos I (gastos de persoal) e II (gastos en bens correntes e servicios) dos presupostos de gasto. O **cadro 1.2.5.** reflicte a evolución dos mesmos e o seu nivel en 1999, amosando que os gastos do capítulo II aumentaron un 9% e un 5,5%, na Xunta e nas deputacións, respectivamente, en tanto que os gastos de persoal aumentaron un 4,4% na Xunta de Galicia e descenderon un 3,5% no caso das deputacións.

1.2.2.- Investimento

Á hora de analiza-la evolución do investimento, hai que considera-lo comportamento de diferentes indicadores. O **cadro 1.2.6.** reflicte o diferente comportamento do investimento público e privado no ano 1999, ó igual que sucedera no ano 1998. Respecto ós indicadores do investimento público, en 1999 prodúcese un descenso da licitación oficial da Administración autonómica, fronte ó crecemento da licitación de tódalas Administracións públicas. Pola contra, o resto dos indicadores amosan un bo comportamento do investimento privado.

CADRO 1.2.6.

Indicadores do investimento en Galicia e España 1998-99: taxas de variación interanuais

	Galicia		España	
	1998	1999	1998	1999
Consumo de cemento	7,5	2,1	19,5	11,7
Licitación oficial de tódalas AA.PP.	-29,4	18,0	46,9	1,6
Licitación oficial da Admon. autonómica	-10,6	-30,0	56,1	-6,7
Importacións de bens de equipo	25,2	7,4	13,8	25,9
Matriculación de vehículos de carga	8,7	22,7	12,8	18,9

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE, IGE, ICEX, OFICEMEN e SEOPAN

CADRO 1.2.7.

Tipo medio dos préstamos hipotecarios a más de tres anos 1997-99

	Bancos	Caixas de aforros	Conxunto entidades
1997			
1998 (1)	6,196	6,328	6,255
1999	5,052	5,265	5,150
Xaneiro	5,015	5,262	5,131
Febreiro	4,787	5,147	4,950
Marzo	4,654	5,007	4,816
Abril	4,599	4,997	4,787
Maio	4,454	4,861	4,644
Xuño	4,296	4,733	4,502
Xullo	4,263	4,626	4,435
Agosto	4,316	4,648	4,471
Setembro	4,436	4,666	4,545
Outubro	4,578	4,762	4,665
Novembro	4,772	4,847	4,807
Decembro	4,876	5,016	4,940

(1) dato correspondente ó mes de decembro

Fonte: Banco de España

CADRO 1.2.8.

Investimento estranxeiro directo en empresas non cotizadas nas CC.AA. 1998-99

	1998		1999		99/98
	(en millones de pesetas)	CA/total (%)	(en millones de pesetas)	CA/total (%)	
Andalucía	70.549,9	3,0	43.345,2	1,0	-38,6
Aragón	72.106,4	3,0	17.525,6	0,4	-75,7
Asturias	3.650,0	0,2	2.465,1	0,1	-32,5
Baleares	23.609,9	1,0	14.701,5	0,3	-37,7
Canarias	63.602,9	2,7	397.948,5	8,9	525,7
Cantabria	10.073,9	0,4	438,4	0,0	-95,6
Castela e León	13.627,6	0,6	4.528,3	0,1	-66,8
Castela-A Mancha	3.850,1	0,2	15.246,3	0,3	296,0
Cataluña	663.378,9	27,9	616.332,4	13,8	-7,1
C. Valenciana	37.149,9	1,6	67.115,7	1,5	80,7
Estremadura	2.355,6	0,1	1.407,7	0,0	-40,2
Galicia	107.981,5	4,5	18.354,2	0,4	-83,0
Madrid	1.149.181,1	48,4	2.765.937,1	61,8	140,7
Murcia	10.168,1	0,4	8.195,7	0,2	-19,4
Navarra	17.545,7	0,7	22.866,1	0,5	30,3
País Vasco	116.290,1	4,9	471.356,1	10,5	305,3
A Rioxa	9.222,3	0,4	7.258,7	0,2	-21,3
Ceuta-Melilla	361,1	0,0	111,2	0,0	-69,2
Varias	1.654,4	0,1	-	0,0	
Total	2.376.359,2	100,0	4.475.133,8	100,0	88,3

Fonte: Dirección General de Economía Internacional y Transacciones Exteriores

CADRO 1.2.9.

Investimento estranxeiro directo en empresas non cotizadas en Galicia e España 1998-99: distribución segundo países de orixe

	Galicia			España		
	1998 (en millones de pesetas)	1999 (en millones de pesetas)	99/98 (% / total)	1998 (en millones de pesetas)	1999 (en millones de pesetas)	99/98 (% / total)
Países OCDE						
Países UE	104.961.0	97.2	16.404.2	89.4	-84.4	1.916.681.5
Francia	101.083.3	93.6	978.2	5.3	-99.0	514.307.8
Bélgica	125.0	0.1	-	-	-	63.828.2
Países Bajos	742.3	0.7	9.278.6	50.6	1.150.0	605.450.8
Alemania	508.0	0.5	381.4	2.1	-24.9	250.872.7
Italia	62.4	0.1	14.2	0.1	-77.3	114.088.4
Reino Unido	1.457.0	1.3	3.537.4	19.3	142.8	120.354.9
Irlanda	70.0	0.1	37.6	0.2	-46.3	17.325.3
Dinamarca	0.5	0.0	10.0	0.1	1.900.0	0.7
Portugal	407.5	0.4	1.766.8	9.6	333.6	1.967.7
Suecia	-	-	400.0	2.2	-	40.250.0
Luxemburgo	505.0	0.5	-	-	-	23.729.9
Resto países OCDE	65.8	0.1	116.5	0.6	77.1	97.328.7
Estados Unidos	1.624.9	1.5	687.9	3.7	-57.7	220.706.1
Nueva Zelanda	3.0	0.0	-	-	-	9.3
Paraísos fiscales	187.8	0.2	291.7	1.6	55.4	53.258.3
Países africanos	55.3	0.1	3.0	0.0	-94.6	1.764.5
Centroamérica e Caribe	244.5	0.2	459.8	2.5	88.1	5.407.2
Sudamérica	839.0	0.8	391.1	2.1	-53.4	10.614.1
Países asiáticos (excepción Japón)	0.3	0.0	-	-	-	12.144.6
Total	107.931.4	100	18.354.2	100	-83.0	2.376.359.2
						100
						4.475.433.8
						100
						88.3

Fonte: Dirección General de Política Comercial e Inversiones Extranjeras, Ministerio de Economía y Hacienda

CADRO 1.2.10.

Investimento estranxeiro directo en empresas non cotizadas 1998-99: distribución segundo tipo de operación

	1998		1999		99/98	
	Expedientes	Importe (en millones de pesetas)	Expedientes	Importe (en millones de pesetas)	Expedientes	Importe (%)
Constitución de sociedades	79	617,6	64	744,0	-19,0	20,5
Constitución de sucursais ou establecimentos	-	-	1	-	-	-
Ampliacións de capital de sociedades	35	3.718,5	46	6.127,3	31,4	64,8
Adquisicións de accións ou participacións	35	997,4	36	5.412,3	2,9	442,7
Cambio de titular por fusión	-	-	1	351,4	-	-
Transmisións entre non residentes	10	1.581,8	9	5.719,2	-10,0	261,6
Cambio de residencia	-	-	-	-	-	-
Transaccións lucr. intervivos ou mortis causa	1	0,3	-	-	-	-
Exclusión de bolsa	2	101.066,0	-	-	-	-
Total	162	107.981,4	157	18.354,2	-3,1	-83,0

Fonte: Dirección General de Política Comercial e Inversiones Exteriores, Ministerio de Economía y Hacienda

No caso do investimento privado, no ano 1999 prodúcese unha ralentización nas taxas de crecemento do consumo de cemento e da importación de bens de equipamento, que medran un 2,1% e 7,4%, respectivamente, sobre as do ano 1998, en tanto que a matriculación de vehículos de carga experimenta un crecemento do 22,7%.

Outra variable que permite comprender a evolución do investimento é a caída dos tipos medios dos préstamos hipotecarios a máis de tres anos. O **cadro 1.2.7.** reflicte cómo o tipo medio para o conxunto das entidades reduciuse en preto de 0,2 puntos no período comprendido entre decembro de 1998 e decembro de 1999.

Motivada en parte pola redución dos tipos de xuro, constátase unha redución da carga financeira e do coeficiente de endebedamento, tal e como reflicten os **cadros 4.0.7.** (*Evolución da actividade empresarial galega 1997-98: ingresos, gastos e resultados*) e **4.0.10.** (*Empresa galega 1997-98: rendibilidade e magnitudes asociada*).

• **Investimento estranxeiro.-**

O fluxo de investimento estranxeiro en sociedades galegas non cotizadas acadou en

1999 un valor de 18.354 millóns de pesetas (o 0,4% do total estatal), o que significa que se produciu un descenso do 83% respecto o ano anterior (**cadro 1.2.8.**).

Unha análise xeográfica deste fluxo de investimento reflicte, **cadro 1.2.9.**, que, en 1999, o 89,4% do investimento estranxeiro directo en empresas galegas non cotizadas procede da UE (16.404,2 millóns de pesetas), onde salientan, por encima dos demais países, o investimento dos Países Baixos, que ascende a 9.278,6 millóns de pesetas, do Reino Unido, con 3.537,4 millóns, e de Portugal con 1.766,8 millóns. Estados Unidos é o quinto país polo importe total investido, con 687,9 millóns de pesetas (o 3,7% do total).

Comparado co ano anterior, o devandito cadro amosa o descenso do investimento estranxeiro procedente dos países da UE, a pesares do forte aumento experimentado polo investimento procedente dos tres países más importantes, Países Baixos (un 1.150% superior ó correspondente ó ano anterior) Portugal (333,6%) e Reino Unido (142,8%).

Atendendo ó investimento bruto segundo o tipo de operacións, o **cadro 1.2.10.** reflicte que en 1999 houbo un total de 157 expedientes

Investimentos estranxeiro directos en empresas en Galicia e España 1998-99: distribución sectorial

CADRO 1.2.11.

	Galicia			España			G/E		
	1998 (en millones de pesetas) (% / total)	1999 (en millones de pesetas) (% / total)	1998 (en millones de pesetas) (% / total)	1999 (en millones de pesetas) (% / total)	1998 (en millones de pesetas) (% / total)	1999 (en millones de pesetas) (% / total)	1998 (en millones de pesetas) (% / total)	1999 (en millones de pesetas) (% / total)	1998 (en millones de pesetas) (% / total)
Agricultura, gandería, pesca	206,8	0,2	199,7	1,1	14.577,8	0,6	8.598,5	0,2	1.42
Produc./Distribuc. energía					101.663,8	2,3	2.06	0,29	2,32
eléctrica, gas e auga	822,4	0,8	298,0	1,6	40.006,4	1,7	17.947,9	0,4	1,06
Ind. extract., ref. petróleo	50,5	0,0	190,5	1,0	26.522,9	1,1	163.569,6	3,7	0,07
Alimentación, bebidas e tabaco	60,4	0,1	94,3	0,5	90.785,0	3,8	4.028,4	0,1	0,06
Ind. textil e confección	426,0	0,4	62,6	0,3	7.140,0	0,3	5,97	1,55	
Ind. papel, edición e artes gráficas	12,5	0,0	-	-	35.197,5	1,5	101.384,0	2,3	0,04
Ind. química	1.963,9	1,8	9.545,1	52,0	209.445,5	8,8	295.036,6	6,6	0,94
Otros manufaturados	101.112,0	93,6	1.306,4	7,1	450.872,6	19,0	394.733,9	8,8	22,43
Construcción	151,6	0,1	111,5	0,6	7.982,0	0,3	92.724,7	2,1	0,33
Comercio	393,4	0,4	1.082,7	5,9	311.120,7	13,1	164.902,9	3,7	0,12
Hostelería	207,1	0,2	70,8	0,4	16.883,4	0,7	40.508,2	0,9	1,90
Transporte e comunicaciones	3,4	0,0	29,0	0,2	82.463,7	3,5	188.825,5	4,2	0,02
Intermediación financiera, banca e seguro	-	-	-	-	274.508,0	11,6	432.125,2	9,7	0,00
Actividades Inmobiliarias e servicios	923,9	0,9	1.863,6	10,2	437.737,8	18,4	446.390,7	10,0	0,21
Xestión de seccoidades e tenencia valores	-	-	3.500,0	19,1	246.270,6	10,4	1.964.013,2	43,9	0,42
Outros	1.647,7	1,5	-	-	124.865,4	5,3	58.680,8	1,3	0,18
Total	107.981,4	100	18.354,1	100	2.376.359,2	100	4.475.133,8	100	0,41

Fonte: Dirección General de Economía Internacional y Transacciones Exteriores

CADRO 1.2.12.

Grao de execución do Programa Operativo de Galicia 1994-99: distribución segundo órganos executores

	1999			Total 1994-1999		
	Programado (en millones de pesetas)	Executado	%	Programado	Executado	%
Administración central						
M. Agricultura y Pesca	45.589.116	35.849.659	78,64	163.676.602	152.508.467	99,29
M. Educación y Cultura	-	42.714	-	1.814.482	2.559.384	141,05
M. Economía y Hacienda	-	180.717	-	599.668	805.995	134,41
M. Medio Ambiente	14.840	889.126	-	7.035.007	8.189.513	116,41
M. Fomento	1.208.910	-	-	1.368.800	166.025	12,13
	44.365.366	34.737.102	78,30	152.858.646	150.787.548	98,65
Administración autonómica	35.292.318	30.537.241	86,53	186.001.064	184.098.905	98,98
Empresas Públicas	13.198.915	5.895.790	44,67	56.759.730	52.465.220	92,43
Sdad. Infraest. y Equip. Penitencia.	-	163.988	-	3.874.543	3.464.062	89,41
Red Eléctrica de España S.A.	-	-	-	3.196.526	3.576.002	111,87
Empresa Nacional de Celulosas S.A.	-	-	-	2.058.785	2.317.717	112,58
Compañía Logística de Hidrocarburos	-	-	-	1.831.875	1.935.257	105,64
Telefónica de España S.A.	4.209.323	1.880.197	44,67	19.670.317	17.851.438	90,75
Renfe	4.345.118	969.334	22,31	9.357.243	6.135.602	65,57
Feve	1.025.084	290.580	28,35	1.852.141	1.151.056	62,15
Sepes	727.963	184.541	25,35	2.840.045	2.468.476	86,92
Retevisión	1.678.368	865.594	51,57	3.119.453	2.353.570	75,45
Aena	-	76.769	-	2.019.690	3.154.967	156,21
Autor. Portuaria El Ferrol	484.617	651.387	134,41	1.719.218	1.924.804	111,96
Autor. Portuaria Marín-Pontevedra	389.194	178.751	45,93	1.544.328	1.383.982	89,62
Autor. Portuaria de Vigo	-	319.244	-	1.925.224	2.974.528	154,50
Autor. Portuaria de Vilagarcía	339.248	315.407	92,97	1.750.334	1.773.754	101,34
Outros	-	-	-	1.132.635	1.144.895	101,08
Total	94.080.349	72.282.691	76,83	407.570.025	400.217.483	98,20

Fonte: Dirección General de Análisis y Programación Presupuestaria

(5 menos que no ano anterior) sendo as operacións con maior número de expedientes as de constitución de sociedades, 64, ampliacións de capital de sociedades, 46, e adquisicións de accións ou participacións, 36. Segundo o importe das mesmas, os 46 expedientes de ampliación de capitais sumaron un valor de 6.127,3 millóns de pesetas, en tanto que as 9 de transmisións entre non residentes e as 36 de adquisicións de accións ou participacións acadaron un valor de 5.719,2 e 5.412,3 millóns de pesetas, respectivamente.

Atendendo á distribución dos investimentos estranxeiros por ramas de actividade, apréciase unha concentración no subsector da industria química, que, tras un crecemento do 386% respecto o ano anterior, acolle o 52% do total investido: 9.545,1 millóns de pesetas. Os outros dous grandes sectores son os de “xestión de sociedades e tenencia de valores” e as “actividades inmobiliarias e servicios”, cun total de

3.500 e 1.863,6 millóns de pesetas, respectivamente. Entre os tres acollen ó 81,3% do investimento estranxeiro en Galicia, fronte ó 2,7% do ano anterior (**cadro 1.2.11.**).

1.2.3.- Fondos da Unión Europea

A integración económica dos países europeos conta cunha serie de fondos comunitarios para axudar a paliar as diferencias na posición de partida das distintas zonas. Eses fondos e iniciativas comunitarias teñen como obxectivo acadar unha maior converxencia real entre as diferentes rexións dentro da Unión Europea.

O instrumento máis importante da política rexional da Unión Europea, polo seu montante económico, é o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (**Feder**): no caso galego, os pagamentos a favor da comunidade autónoma de Galicia (que é rexión obxectivo I da UE) ascenderon a 20.409,9 millóns de pesetas,

segundo os datos da Dirección General de Análisis y Programación Presupuestaria do Ministerio de Economía y Hacienda recollidos no **cadro 5.4.6.** (*Situación financeira dos instrumentos de política rexional da UE 1998*).

Nos sectores primarios, os instrumentos comunitarios son o Feoga e mailo IFOP. No sector agrario, a contribución financeira do **Feoga-Orientación** en 1998, por aplicación dos recursos a 31/12/98, segundo o MAPA, elevouse a 9.338 millóns de pesetas, dos que 2.300 millóns corresponden a axudas directas, 6.995 millóns de pesetas a axudas indirectas e 42,1 millóns a iniciativas e o programa Proder.

A contribución financeira do **IFOP** no sector pesqueiro en 1998, por aplicación dos recursos a 31/12/98, ascendeu a 22.856,1 millóns de pesetas (13.518,1 millóns por axudas directas).

Pola súa banda, as axudas do Fondo Social Europeo (**FSE**) en 1998 ascenderon a 17.977,5 millóns de pesetas e beneficiaron a 103.162 persoas. No reparto destes fondos, ó marco plurirrexional correpondéronlle un total de 12.106,8 millóns de pesetas e á comunidade autónoma, 5.870,7 millóns de pesetas.

Os pagamentos do **Fondo de Cohesión** recibidos pola C.A. de Galicia en 1998 ascenderon a 9.801,2 millóns. A administración central obtivo 4.018,3 millóns de pesetas e a administración autonómica, 3.098 millóns.

Finalmente, o **cadro 1.2.12.** reflicte o grado de execución do **Programa Operativo de Galicia 1999** e a súa distribución por órganos executores, onde se pode apreciar que neste ano executouse un 76,8% do que se tiña presupostado. O principal órgano executor foi a Administración central (especialmente o Ministerio de Fomento) con 35.849,7 millóns de pesetas (o 78,6% do que estaba programa-

do), seguida da Administración autonómica, con 30.537,2 millóns de pesetas (o 86,5%).

No período 1994-99 executouse o 98,2% do total programado para ese período en Galicia, cun grao de execución do 98,98% no caso da Administración galega e do 99,29% no da Administración central. ■

